



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Bases reguladoras e convocatoria das axudas destinadas ás familias para a conciliación da súa vida laboral e familiar

EDITO

Bases reguladoras e convocatoria das axudas destinadas ás familias para a conciliación da súa vida laboral e familiar

O 07/09/2023 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar as bases reguladoras das axudas destinadas ás familias para a conciliación da súa vida laboral e familiar, que se transcriben a continuación:

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS ÁS FAMILIAS PARA A CONCILIACIÓN DA SÚA VIDA LABORAL E FAMILIAR.

Polo acordo adoptado polo Pleno do Concello, na súa sesión do día 26/09/2013, sobre a Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 234 do 10/12/2013, regúlanse as bases da convocatoria do procedemento en réxime de concorrencia competitiva para a concesión de axudas destinadas ás familias para a conciliación da súa vida laboral e familiar.

BASE 1. Obxecto da convocatoria

1. As presentes bases establecen os criterios e o procedemento para a concesión de axudas ás familias que precisen contratar servizos específicos para a conciliación da súa vida laboral e familiar. Estas axudas teñen por obxecto proporcionar durante o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2023-2024 (meses de setembro, outubro, novembro e decembro) un apoio económico que axude a costear un recurso de conciliación da vida familiar e laboral complementario, ante a incompatibilidade dos horarios laborais dos/as proxenitores e os centros de educación.

BASE 2. TIPO DE AXUDAS

a) As axudas consistirán no pago dunha axuda polo gasto no que incorran as familias pola contratación de persoas ou servizos (persoal coidador contratado cumprindo todos os requisitos establecidos legalmente, ludoteca, servizo de transporte complementario a outro servizo de conciliación) para o coidado dos seus fillos/as menores fóra do horario escolar mentres os seus proxenitores se atopan traballando.

As familias que opten pola contratación dun coidador/a, xa sexa directamente a unha persoa física, ben autónoma ou mediante un contrato laboral, ou a través dunha empresa de servizos, unicamente poderán pedir unha única axuda aínda que a persoa coide a varios menores da mesma unidade familiar.

Se a familiar optase por contratar os servizos dunha ludoteca ou transporte, poderá solicitar unha axuda por cada menor a cargo.

b) O importe de cada unha das axudas concedidas ascenderá a 400 €.

BASE 3. FINANCIACIÓN E PERÍODO SUBVENCIONABLE DAS AXUDAS

1. Para a concesión destas axudas, o concello de Rianxo, destinará un importe máximo de 14.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 231.48000.

2. O período subvencionable será o primeiro cuadrimestre do curso escolar 2023-2024.

BASE 4. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. As axudas destinaranse a familias as cales a súa renda conxunta anual da unidade de convivencia á que pertenza sexa inferior ou igual ao 2 x IPREM de 14 pagas (16.800€). Esta contía incrementárase en:

- 0,5 por cada membro adicional maior de idade que conforme a unidade de convivencia, isto é, 4.200 € por cada persoa maior de idade.

- 0,75 por cada menor de idade da unidade de convivencia, isto é, 6.300 € por cada persoa menor de idade.

· IPREM MENSUAL: 600 €

· IPREM ANUAL X 14 PAGAS = 8.400 €

2. Que o pai e a nai do/a menor teña unha xornada laboral incompatible coa atención dos menores fóra do horario escolar.

3. Que teñan a residencia e empadramento real e efectivo no Concello de Rianxo.

4. Que no curso escolar 2023-2024 estean matriculados nun centro de ensino do Concello de Rianxo.

BASE 5. Persoas destinatarias das axudas

Familias con menores nas que os dous proxenitores desenvolvan unha xornada laboral incompatible coa atención dos menores fóra do horario escolar, e que tampouco poidan optar por medidas de flexibilización da xornada ou por teletraballo.

BASE 6. Presentación de solicitudes

1. Publicación

A convocatoria para a concesión de axudas destinadas ás familias para a conciliación da súa vida laboral e familiar, será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello de Rianxo, e mediante a difusión de bandos informativos, así como tamén na sede electrónica do Concello de Rianxo:

<https://sede.concelloderianxo.es>

Con carácter previo ou simultaneamente coa publicación do anuncio da convocatoria, publicaranse no BOP estas bases reguladoras das axudas.

2. Prazo

Quince días hábiles contados a partir da publicación da convocatoria no BOP

3. Lugar

Na sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello de Rianxo.

4. Documentación

4.1. Xenérica:

- Modelo de solicitude (dispoñible na páxina web do Concello de Rianxo, no Rexistro Xeral e no departamento de Servizos Sociais).
- Anexo 2: Declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes e de non estar incurso/a en ningún dos supostos que impiden obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións das administracións públicas, que atopan recollidos no BASE 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- Copia do DNI, pasaporte, NIE ou documento análogo de todas as persoas da unidade familiar.
- Datos bancarios: certificación bancaria do Código IBAN a nome do/a solicitante cuñada pola entidade bancaria.
- Informe da empresa que acredite o horario de traballo, onde conste expresamente a imposibilidade de adaptación do mesmo, e que non se poden acoller á modalidade de teletraballo. Se hai dous proxenitores ou convivintes, a incompatibilidade debe acreditarse para ambos.

4.2. Xustificación de ingresos:

Se está presentada a declaración da renda:

- Copia da Declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2022

Se non está presentada a declaración da renda:

- Certificación expedida pola AEAT de non ter presentada a Declaración do IRPF correspondente ao exercicio 2022.
- Xustificantes de ingresos do exercicio 2022 de todas as persoas da unidade familiar maiores de idade (nóminas, certificado do INEM, certificado da pensión, etc.) se non aparecen datos económicos na certificación.

4.3. Específica:

- Título de familia numerosa, se é o caso.
- Certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%, se é o caso.
- Acreditación da unidade familiar monoparental, se é o caso, mediante sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais.
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero, se é o caso.

No formulario de solicitude autorízase a comprobación, polos Servizos Sociais Comunitarios municipais, dos datos de residencia e convivencia, e incorpora un volante para estes efectos.

BASE 7. Criterios de avaliación

A Comisión Avaliadora determinará a concesión ou denegación segundo os seguintes criterios:

1. Renda da unidade de convivencia.
2. Número de membros da unidade familiar.
3. Condicións familiares da persoa solicitante.

A ponderación destas situacións será a seguinte, para cada un dos criterios:

1. Renda da unidade de convivencia

Naquelas solicitudes que sexan valoradas pola declaración do IRPF de 2022, a renda virá determinada pola suma da base impositiva xeral maila base impositiva do aforro (recadros 435 e 460) e dividida esta polo número de membros da unidade familiar.

Nos outros casos, valoraranse os ingresos líquidos máis a contía da retención do IRPF.

Nas familias monoparentais, sumaranse os ingresos da pensión de alimentos se corresponde.

RPC anual da unidade de convivencia, referida ao Indicador Público de Efectos Múltiples (IPREM)

- Renda inferior a 5.000€ : 10 puntos
- Renda entre 5.001 e 6.000€ : 8 puntos
- Renda entre 6.001 e 7.000€ : 6 puntos
- Renda entre 7.001 e 8.000€ : 4 puntos
- Renda superior a 8.001€: 1 punto

2. Número de membros da unidade de convivencia

Enténdese por unidade de convivencia a formada polos pais e fillos ou fillas menores de 18 anos (ou menores de 25 anos se están cursando estudos postobrigatorios ou universitarios) ou fillos/as maiores de 18 anos cunha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Por cada membro integrante da unidade familiar: 0,5 puntos.

No caso de familias monoparentais, por cada membro integrante da unidade familiar: 0,8 puntos.

3. Condicións familiares da persoa solicitante

Por familia numerosa Categoría Xeral: 1 punto.

Por familia numerosa Categoría Especial: 2 puntos.

Por familia monoparental: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar maior de idade con certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%: 1 punto.

Por cada membro da unidade familiar menor con certificado de discapacidade igual ou superior ao 33%: 2 puntos

Por vítima de violencia de xénero: 2 puntos.

As axudas adxudicaránse por estrita orde de puntuación ata esgotar a consignación dispoñíbel regulada no BASE 3º. En caso de empate, atenderase en primeiro lugar á renda familiar e en segundo lugar ao maior número de crianzas escolarizadas.

BASE 8. Obrigas das persoas beneficiarias

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases desta convocatoria e a obriga de:

- a) Comunicar por escrito calquera variación ou modificación que se produza durante a tramitación do procedemento respecto das circunstancias alegadas na solicitude e de someterse ás actuacións de comprobación que acorde o concello de Rianxo.
- b) Comunicar por escrito a renuncia á axuda no caso de producirse unha causa que determine dita renuncia.
- c) Informar ao órgano que concede a axuda da obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración pública, ente público ou privado.
- d) Presentar debidamente cuberta a solicitude xunto con toda a documentación requirida no prazo estipulado.

- e) Terá que acreditar, antes de cobrar a axuda que se conceda, no seu caso, que:
- e.1. Está ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, provinciais e municipais, mediante declaración expresa e sen prexuízo da súa comprobación.
 - e.2. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Rianxo.
- f) Someterse ás actuacións de comprobación do Concello de Rianxo e ás de control financeiro que corresponden á Intervención municipal.

BASE 9. Procedemento e outorgamento de subvencións

1. Na fase de instrución das axudas participarán os seguintes órganos:

- Órgano instrutor: educadora familiar municipal e, subsidiariamente, unha técnica do Departamento de Servizos Sociais.
- Órgano avaliador: a Comisión Avaliadora formada pola concelleira e dúas técnicas do Departamento de Servizos Sociais.
- Órgano concedente: a Xunta de Goberno Local.

2. De acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese unha fase de pre-avaliación das solicitudes, na que se determinará se cumpren ou non os requisitos do BASE 4 destas bases e se a documentación da solicitude está completa ou non.

Tras a verificación destes extremos, publicarase no taboleiro de anuncios a relación de solicitudes, coa indicación das deficiencias detectadas ou a documentación da que carezan, co fin de que a persoa solicitante, no prazo de (10) días hábiles, emenda as deficiencias ou remita os documentos preceptivos.

Transcorrido o prazo de emenda, o órgano instrutor comprobará a documentación presentada e elaborará a listaxe de solicitudes que cumpren os requisitos esixidos para acceder ás axudas e publicaráa no taboleiro de anuncios.

Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo e por falta de corrección das deficiencias da solicitude e/ou da documentación.

3. As solicitudes que superen a fase de pre-avaliación pasará á fase de valoración. A Comisión Avaliadora emitirá un informe coa puntuación que lle corresponde a cada unha delas, de acordo cos criterios de outorgamento da base 7.

4. Tras a emisión do informe por parte da Comisión Avaliadora, o órgano instrutor emitirá unha proposta de resolución, que indicará:

- A relación de solicitudes que quedaron excluídas da fase de avaliación por non reunir todos os requisitos da base 4. Deberá detallarse o motivo concreto da exclusión.
- A relación de solicitudes que superaron a fase de pre-avaliación, indicando expresamente que reúnen todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das axudas.
- A relación das solicitudes que superaron a fase de pre-avaliación, ordenadas de forma decrecente segundo a puntuación obtida.
- A subvención proposta para cada unha das solicitudes incluídas na relación decrecente e será a establecida na base 2.

O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola persoa beneficiaria.

5. Mediante resolución da Xunta de Goberno Local, procederase á concesión ou á denegación das axudas. As solicitudes presentadas resolveranse no prazo dun mes, que se contarán a partir do día seguinte á data de remate do prazo desta convocatoria. A resolución notificaráselles ás persoas solicitantes e publicarase no taboleiro de anuncios municipal.

6. O pago da axuda realizarase no prazo dun mes desde o acordo de concesión e farase unicamente na conta que os solicitantes fagan constar na solicitude, que debe permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente. A Administración non se fará responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables aos solicitantes.

7. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer o recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Con carácter potestativo, de conformidade co artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

BASE 10. XUSTIFICACIÓN

1. A xustificación da subvención será polo importe concedido, baixo a responsabilidade da persoa declarante. O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención finaliza o 20 de xaneiro de 2024.

Para a xustificación da subvención presentárase no Rexistro Xeral ou na sede electrónica do Concello a seguinte documentación para cada unha das axudas concedidas:

- Instancia na que se indique que se presenta a conta xustificativa da axuda concedida para a conciliación da vida laboral e familiar.
- Facturas a nome da persoa solicitante de todos os meses que recibiron o servizo, referidos ao último cuadrimestre do ano 2023. Na factura ten que especificar o nome da crianza á que foi destinado o servizo.
- No caso de que os servizos se prestasen por unha persoa con contrato laboral, deberá achegarse:
- Unha copia do contrato laboral, xunto coa xustificación da alta da persoa traballadora na Seguridade Social.
- A acreditación do pago das nóminas e dos seguros sociais a cargo da persoa empregadora, referidos ao último cuadrimestre do ano 2023 e de acordo co contrato laboral.
- Nos casos nos que non se xustifique o importe total da subvención concedida, deberá aportarse xustificante do reintegro polo importe non empregado.

2. Reintegro da axuda: procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda recibida, xunto cos intereses de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado no tipo de axuda concedida e que ao tempo da xustificación da achega non se acredite que permanezan matriculados no curso escolar 2023-2024 nun centro de ensino do Concello de Rianxo.

O procedemento de reintegro tramitárase nos termos dos artigos 32, 33, 37 e 38 da Lei 9/2007 e do seu regulamento, aprobado mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

BASE 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

O réxime de infraccións e sancións é o previsto nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

BASE 12. RÉXIME XURÍDICO

A normativa que regula a concesión destas axudas, no non establecido nestas bases será a establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Rianxo.”

Rianxo, mércores 13 de setembro de 2023

O alcalde, Julián Bustelo Abuín

2023/7378